

EMPRESARIO INDIVIDUAL

As *vantaxes* de ser autónomo e que é moito máis rápido e sinxelo que constituir unha empresa. Levas ti mesmo a xestión e o control do teu negocio.

Por outra banda se non tes moitos beneficios compensa tributar polo IRPF.

Os *inconvinientes* de elixir non formar unha sociedade e que a responsabilidade é ilimitada ante as débedas. Non existe polo tanto deferencia entre patrimonio persoal e profesional.

Se o teu negocio chega a superar os 45000 euros de beneficios no que corresponde a tributación sería mellor constituir unha sociedade e tributar polo IS.

Non tes dereito á prestación por desempleo

Non pode xubilarse anticipadamente salvo que teña cotizado noutros rexímenes

En xeral se o negocio ten un alto nivel de inversión e beneficio e a maioría das empresas do sector son sociedades e mellor constituir unha sociedade.

TIPOS DE AUTÓNOMOS

EMPRENDEDOR DE RESPONSABILIDAD LIMITADA:

Tamén se lle chama empresario individual de responsabilidade limitada

Para optar por esta modalidade o autónomo ten que inscribirse no Rexistro Mercantil

Persoa física que realiza unha actividade empresarial. A única diferenza e que pode excluír a súa vivenda da responsabilidade ante débedas ante terceiros.

Os requisitos e que ten que estar rexistrado el como emprendedor de responsabilidade limitada e a súa vivenda ten que estar registrada como vivenda habitual e non exceder de 300.000 euros de valoración ou de 400.000 en certas zonas.

As excepcións a esta responsabilidade limitada son cometer fraude ou negligencia grave na xestión do negocio e que as débedas non sexan tributarias ou da seguridade social.

Outro tipo de emprendedores son os freelance ou profesionais autónomos, os traballadores autónomos economicamente dependentes TRADE que perciben 0 75% dos ingresos dunha empresa ou de un cliente , os autónomos agrarios que cotizan polo sistema especial para traballadores por cuenta propia agrarios (SETA)